

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

DECRETO 1/2012, do 3 de xaneiro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

Establecida a estrutura orgánica da Xunta de Galicia polo Decreto 79/2009, do 19 de abril, faise preciso adaptala ás necesidades que o momento actual aconsella acometer, tendo en conta os criterios de eficacia, economía e austeridade que deben inspirar a actuación e a organización administrativa.

Por todo iso, en virtude das atribucións que me confire o artigo 26, número 1, da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, na súa redacción dada por Lei 11/1988, do 20 de outubro, e de conformidade co disposto no artigo 23, número 2, da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1.

A Xunta de Galicia estará integrada polos departamentos que a seguir se relacionan:

- Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- Consellería de Facenda.
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
- Consellería de Economía e Industria.
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Consellería de Sanidade.
- Consellería de Traballo e Benestar.
- Consellería do Medio Rural e do Mar.

Artigo 2.

A orde de prelación das consellerías manterase segundo o establecido no artigo anterior.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste decreto.

Disposicións derradeiras.

Primeira. O Consello da Xunta de Galicia adoptará as medidas necesarias para adecuar a estrutura dos distintos organismos obxecto de regulación deste decreto, dentro da política de austeridade, racionalización e redución do gasto público.

Segunda. A Consellería de Facenda realizará as modificacións e habilitacións orzamentarias precisas para o cumprimento do previsto neste decreto, sen que en ningún caso poidan orixinar incremento de gasto.

Terceira. Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, tres de xaneiro de dous mil doce.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente